A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 10 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 5 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁN RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO DE ARRANXO DE TRES VEHÍCULOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 9 de xaneiro de 2020, do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2020/37 de data 4.2.20.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Gonzalo Muíños Sánchez,** concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadán e festas, e presidente da mesa de contratación da licitación "*Servizo de arranxo de tres vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela*", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 19 de decembro de 2019, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador RICARSAT SL.

Segundo: Con data 9 de xaneiro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Adxudicar o contrato de referencia á empresa RICARSAT SL (CIF: B15902497), por un importe de 78.857 euros (IVE aparte 21%: 16.559,97 euros), ó ser a súa oferta a única presentada e axustarse aos requirimentos dos pregos de aplicación.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Manuel Sanmartín Chao, xefe do Servizo de Extinción de Incendios.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13600 21400.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Adxudicar o contrato de **"Servizo de arranxo de tres vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela"** á empresa RICARSAT SL (CIF: B15902497), por un importe de 78.857 euros, (IVE aparte 21%: 16.559,97 euros), ao ser a súa oferta a única presentada e axustarse aos requirimentos dos pregos de aplicación.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Manuel Sanmartín Chao, xefe do Servizo de Extinción de Incendios.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 21400.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

SECRETARÍA CONCELLO DE SANTIAGO

**Asdo:Gumersindo Guinarte Cabada**